

PROGRAMA

AUDITORIO
MUNICIPAL DE
RIBADEO
27 de novembro

LOURENÇO CRUZ
DIRECTOR

GRUPO DE PERCUSIÓN
Marcos Rodríguez, profesor

Ritmo en el basurero
Fernando Arias

BIG BAND RIBADEO
Lourenço Cruz, director

I don't mean a thing
Duke Ellington

New York, New York
Fred Ebb

Forty secona street
Harry Warren

Sing, sing, sing
Louis Prima

Penny wishes
Lennie Niehans

**BANDA SINFÓNICA
MUNICIPAL DE RIBADEO**
Lourenço Cruz, director

La gracia de Dios
R. Roig

Festa Paesana
Jacob de Haan

Miniaturas for Band
Rita Defoort

ABBA Gold
Ron Sebregts

Czardas
Vittorio Monti

Banda Sinfónica
Municipal de
Ribadeo

EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARIA DE CULTURA


ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
RIBADEO

AGRADECIMENTOS
Conservatorio de Música de Gijón

cherichu

CONCERTO SANTA CECILIA 2004

Auditorio Municipal de Ribadeo
27 de novembro 2004
8.30h da tarde



A B. S. M., o Grupo de Percusión e a Big Band de Ribadeo ofrecen este concerto conxunto na honra a Santa Cecilia "patroa dos músicos", para todos os ribadenses.

O Grupo de Percusión está formado por dez compoñentes, todos eles membros da Banda e da Escola Municipal de Música. Nesta ocasión xúntase de novo para interpretar unha obra peculiar, xa que nela non aparece ningún instrumento real.

A Big Band Ribadeo é froito da ilusión, esforzo, traballo e estudo que se leva a cabo na Escola Municipal de Música de Ribadeo, buscando achegar aos nosos alumnos a novas e reconfortantes experiencias musicais. No seu curto tempo de vida ten gravado temas para a Televisión Local de Lugo, ademais de actuar na clausura das Xornadas Nacionais do Auditorio de Lugo, así como en Ribadeo, sendo convidada a participar en distintos concertos e certames en cidades a nivel estatal, afrontando tamén a gravación dun CD no mes de Decembro do ano 2003.

A B.S.M. de Ribadeo promovida pola Asociación "Amadores da Música" en convenio co Excmo. Concello de Ribadeo. Baixo a batuta de Hernán Naval Parapar, a persoa que fixo realidade un sono longamente desexado, fixo a súa presentación en público, como moderna Banda de concertos en 1992. Actuou en numerosas cidades e vilas, tanto dentro coma fóra da Galiza. Fixo gravacións para RTVG, así como dous CD. Despois do falecemento de D. Hernán Naval, estivo brevemente baixo as batutas de Marcel van Bree e Mariano Rivas para despois, durante dous anos, ser dirixida por José Luís Alvarez e, no último deles, Bernardo Méndez.

Hoxe preséntase ao público cun novo director, Lourenço Cruz, ao que desexamos o maior dos éxitos nesta nova etapa, que esperamos sirva para asentar definitivamente esta formación aínda moza.

Notas do programa

Nesta ocasión as obras en programa nunca foron interpretadas no Concello de Ribadeo.

"Festa Paesana" de Jacob de Haan (1959), orixinalmente composta para banda, trata da descrición -a través da música- dunha festa típica que se celebra nunha pequena vila chamada Lunteren, situada nos vales e bosques de Holanda. Nos primeiros compases podemos sentir o espertar do pobo cunha alborada das campás (imitando as de Igrexa), percusión e metais (como se fora unha fanfarria facendo un pasarrúas). Mais tarde, pouco a pouco vaise transformando nunha típica danza folclórica onde se vai xuntando xente para bailar até o final do día. A metade da obra escoitaranse 7 badaladas, anunciando as 7 horas da mañá seguinte, e aínda despois aparecerá un vals coa idea dos carruseis para nenos, mentres os maiores se dirixen ás carreiras e vendas de cabalos. Xa chegando á fin do día, e como despedida de tal festividade, escoitarase un maxestoso himno, o "Himno de Lunteren".

Da obra "Miniatures for Band" de Rita Defoort (1963), poderíamos dicir moito, pero o máis importante é que foi un reto para a compositora querer compondor unha obra para banda xuvenil e mostrando que, a través dunha sinxela melodía, se pode crear una gran obra.

A Banda Municipal segue ampliando o seu repertorio na liña de sempre, presentando música nova, un *pasodoble*, fantasía, música pop, música solística, para tentar chegar ao gusto do máis variado público que podamos encontrar nos concertos.

Lourenço Cruz

Nace no seo dunha familia de músicos, no ano 1977 na Franza. O seu primeiro contacto coa trompeta foi no ano 1994. Obtivo o Título Superior de Trompeta e Música de Cámara nos centros: "Escola Profesional de Música de Viana do Castelo", "Conservatorio de Música de Vigo e Madrid" e no "Conservatoire Regional de Nantes". Traballou con profesores como: Jorge Almeida, Carlos Beneto, Luis González, José Orti, Fred Mills, Javier Simo, Marc Ullrich, Jean Marc Metz, Andre Henry, Charles Butter, Kevin Wauldron... Ten participado en numerosos cursiños de Harmonía, Acústica, Pedagogía Musical, Anatomía e Fisioloxía da Respiración, Música de Cámara do Sec. XX, Dirección de Orquestra, Banda e Coro... É convidado en varias ocasións por orquestras como: Orquestra Sinfónica de Viana do Castelo, Orchestre de Harmonie Ville Saint Luce Nantes, Orquestra Académica do Porto, Orquestra de Sopros de Guimaraes, Orquestra Filarmónica de Vila Real, Real Filharmonía de Galicia (na cal gañou por concurso a beca para a Escola de Altos Estudos de Galicia), Orquestra Nacional dos Templarios de Tomar (obtivo a praza de solista, por concurso público). Estivo como director Artístico na Banda Xuvenil e Cultural de Teo e da Banda de Música de Chapela, onde logrou varios premios. Na actualidade estuda dirección de orquestra e banda na Franza co mestre Julien Mascuty, e é Autor e Director Artístico do Proxecto Banda Sinfónica Minho-Galaica, Director da Escola Municipal de Música de Ribadeo e Director da Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo.